

FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA

Normativa da Proba de Conxunto

Aprobada en Xunta de Facultade do 27 de maio 2011

Seguindo os criterios xerais establecidos na Orde ECI/1519/2006, de 11 de maio (*por la que se establecen los criterios generales para la determinación y realización de los requisitos formativos complementarios previos a la homologación de títulos extranjeros de educación superior*), as Probas de Conxunto previas á homologación dos títulos estranxeiros na Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña realizaranse de acordo coas normas seguintes:

1. SOLICITUDE DA PROBA DE CONXUNTO

Os/as interesados/as solicitarán a realización dunha Proba de Conxunto mediante instancia dirixida ao decano da Facultade, no prazo máximo de trinta días naturais antes do inicio dos exames da Convocatoria Ordinaria de Xuño.

Xunto coa solicitude se presentará un “curriculum vitae” completo mais o orixinal da resolución da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación e Cultura sobre a homologación do título do/a interesado/a.

Á vista da documentación aportado, notificarase aos solicitantes a súa admisión na Proba de Conxunto, máis os requisitos e prazos de matrícula.

2. TRIBUNAL CUALIFICADOR DA PROBA DE CONXUNTO

O Tribunal cualificador da Proba de Conxunto será o designado pola Comisión Permanente da Xunta de Facultade para cada curso académico, coa composición que establécese na Orde citada anteriormente.

3. DESENVOLVEMENTO DA PROBA DE CONXUNTO

Unha vez formalizada a matrícula, o Tribunal Cualificador estudará a documentación aportado polo/a solicitante, e o requirirá para unha entrevista persoal. Tras da reunión, o Tribunal comunicará o tipo de proba a realizar e, no seu caso, as materias do Plano de Estudos que deberá superar o/a solicitante.

Os programas das materias haberán de ser os que veñan recollidos na Guía da Facultade, que se aproba anualmente.

O Tribunal Cualificador será o responsable dos exames das materias da Proba de Conxunto, que se realizarán nas mesmas datas dos exames finais das convocatorias Ordinaria (xuño) e extraordinaria (setembro).

Ó remate da convocatoria, o Tribunal Cualificador fará pública a relación nominal coas

cualificacións obtidas, especificando as materias troncaís superadas polos/as interesados/as.

Unha vez superada a totalidade das materias troncaís obxecto da Proba de Conxunto, o Tribunal Cualificador outorgará unha cualificación final da Proba de Conxunto.

Ó remate de cada convocatoria, a Universidade remitirá á Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación e Cultura a relación dos solicitantes que teñan superado a Proba de Conxunto e a cualificación obtida por cada un/ha deles/as.